

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro                    | Concello | Ano académico |
|----------|---------------------------|----------|---------------|
| 32016637 | IES Cosme López Rodríguez | A Rúa    | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Cultura clásica             | 3º ESO | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>                                                                                        | <b>Páxina</b> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| 1. Introducción                                                                                       | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas                                                                  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas                                                   | 6             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas                                                                        | 14            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos                                                                  | 14            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial                                                           | 15            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación                                                        | 15            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 17            |
| 6. Medidas de atención á diversidade                                                                  | 17            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais                                                            | 18            |
| 7.2. Actividades complementarias                                                                      | 19            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 20            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 21            |
| 9. Outros apartados                                                                                   | 21            |

## 1. Introducción

Esta programación didáctica, elaborada para a materia de Cultura clásica de 3º ESO, toma como referencia e punto de partida a lexislación vixente:

- Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (LOMLOE).
- Real Decreto 21/2022, de 29 de marzo, por el que se establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Secundaria Obligatoria.
  - Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Orde do 26 de maio de 2023 pala que se desenvolve o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
  - Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
  - Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.
  - Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A programación foi deseñada para o Instituto de Educación Secundaria Cosme López Rodríguez, situado na Rúa, unha localidade emprazada nunha terraza fluvial do Sil, na comarca de Valdeorras, no nordés ourensán, a 100 km da capital da provincia. O instituto recibe, ademais do procedente da vila mencionada, alumnado dos concellos de Petín, Larouco, O Bolo e Vilamartín. O territorio está vertebrado por unha estrutura de redes viarias deficientemente dotadas que comunican núcleos de poboación moi dispersos. Máis da metade do alumnado ten que facer uso do transporte escolar, o que condiciona a organización dalgunhas actividades, especialmente complementarias e extraescolares.

A oferta educativa do noso instituto é: Educación Secundaria Obrigatoria; Bacharelato de Ciencias e de Humanidades e Ciencias Sociais; Ciclo de Formación Profesional Básica de Informática de oficina e Ciclo Medio de Formación profesional de Sistemas microinformáticos e redes.

O centro está ben dotado no que a instalacións se refire. Dispón dunha biblioteca con ordenadores e acceso a internet, dende a que se organizan actividades. A maior parte das aulas están dotadas de pizarra dixital e ordenador con acceso a internet. Para a nosa materia, contamos cunha aula específica, a onde acode o alumnado das distintas materias do departamento; isto permítenos dispor dunha biblioteca de aula, ademais da posibilidade de organizala, distribuila e incluso decorala para as nosas materias, o que proporciona un ambiente de traballo máis estimulante e motivador.

No presente curso contamos con dúas liñas en 3º ESO. O grupo matriculado na materia Cultura clásica, está composto por 5 alumnos e alumnas de 3º ESO A, unha das cales repite curso.

Partindo do coñecemento previo que temos do alumnado a través do seu expediente académico e de informes transmitidos polo Departamento de Orientación, contamos no grupo con tres alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE). Concretaremos as medidas a tomar no apartado 6, referido á atención á diversidade.

A materia conta cunha asignación de tres horas semanais, moi ben distribuídas en días alternos, o que permite manter o contacto frecuente co alumnado e favorece o desenvolvemento da programación.

A Cultura clásica está prevista no plan lingüístico de centro para ser impartida en lingua galega e forma parte do programa E-Dixgal.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos                                                                                                                                                                                                                                                                            | CCL | CP  | STEM | CD  | CPSAA | CC  | CE | CCEC |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|-----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.                                                   | 2   |     | 4    |     |       | 1   |    |      |
| OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.                                               |     |     |      | 2   | 3-4-5 |     |    | 1-2  |
| OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.                                                                  |     |     |      |     |       |     |    | 1-2  |
| OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea. | 2   |     |      |     |       | 1-2 |    |      |
| OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.                                          | 4   | 2-3 |      |     |       |     |    |      |
| OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.                        | 1-3 | 3   |      | 1-3 | 3-4-5 |     | 3  |      |

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                                  | Descrición                                                                                                                  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Xeografía de Grecia e do Imperio Romano | Marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia. Localización nun mapa en | 9              | 10         | X        |          |          |

| UD | Título                                  | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Xeografía de Grecia e do Imperio Romano | soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.                                                                                                                                                                                                                                                                            | 9              | 10         | X        |          |          |
| 2  | Historia de Grecia e do Imperio Romano  | Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.<br>Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.<br>Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.<br>Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.<br>Presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica.<br>A romanización de Hispania e a da Gallaecia. | 9              | 10         | X        |          |          |
| 3  | Mitoloxía grecorromana                  | Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano.<br>Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Pervivencia da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade.<br>Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos.<br>Relixión romana: culto público e privado.<br>Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.                                 | 10             | 10         | X        | X        | X        |
| 4  | Arte grecorromana                       | Fundamentos e etapas da arte clásica.<br>Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.<br>Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.<br>Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.<br>Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto.<br>Presenza da civilización grecolatina nas artes.                | 10             | 10         | X        | X        | X        |
| 5  | Política                                | Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións.<br>Presenza da civilización grecolatina na organización política actual.                                                                                                                                                                                                                                                     | 8              | 7          | X        |          |          |
| 6  | Sociedade                               | Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude.<br>A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller.<br>Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.<br>Presenza da civilización grecolatina na organización social actual.                                                                                                      | 8              | 8          |          | X        |          |
| 7  | Espectáculos públicos                   | Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                | 8              | 8          |          |          | X        |

| UD | Título                       | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 8  | Familias lingüísticas        | As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. As linguas romances.                                                                                                                                                                                                                                        | 8              | 8          |          | X        |          |
| 9  | Escritura                    | Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.                                                                                                                                                                                                     | 8              | 8          |          | X        |          |
| 10 | Helenismos e latinismos      | Composición e derivación culta de orixe grega e latina.<br>Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.<br>Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.<br>Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica.<br>Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. | 8              | 8          |          |          | X        |
| 11 | Literatura                   | Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.                                                                                                                                                                                                                                                                    | 8              | 8          |          |          | X        |
| 12 | Fraseoloxía en grego e latín | Fórmulas básicas de saúdo en latín e/ou grego, e fraseoloxía básica do mundo escolar.                                                                                                                                                                                                                                           | 6              | 10         | X        | X        | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD                            | Duración |
|----|-----------------------------------------|----------|
| 1  | Xeografía de Grecia e do Imperio Romano | 10       |

| Criterios de avaliación                                                                                                                                                                           | Mínimos de consecución                                                                                                            | IA | %  |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|----|
| CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual. | Atopar e identificar elementos da presenza clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca. | PE | 20 |
| CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.                                                                           | Describir axeitadamente en formato papel ou en liña a maioría das localizacións propostas.                                        | TI | 80 |
| CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.                                      | Localizar en mapas en formato papel ou en liña as localizacións propostas.                                                        |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos                                                                                                       |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| - Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.                                                           |
| - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A |

| Contidos                                     |
|----------------------------------------------|
| - romanización de Hispania e a da Gallaecia. |

| UD | Título da UD                           | Duración |
|----|----------------------------------------|----------|
| 2  | Historia de Grecia e do Imperio Romano | 10       |

| Criterios de avaliación                                                                                                                                                                             | Mínimos de consecución                                                                                                                           | IA | %  |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|----|
| CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.                                                                      | Identificar e relacionar en orde cronolóxica cada unha das etapas históricas e coñecer, cando menos, algunha característica identificativa.      | PE | 80 |
| CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos. | Identificar e recoñecer algunhas características, persoeiros, feitos históricos, etc. e saber elaborar un eixe cronolóxico coas datas propostas. |    |    |
| CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.                                                                                                        | Coñecer e identificar algunha das características propostas da romanización.                                                                     |    |    |
| CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.   | Atopar elementos da presenza clásica na contorna e no país a través de investigacións en internet e na biblioteca.                               | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.</li> <li>- Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.</li> <li>- Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.</li> </ul> |

| UD | Título da UD           | Duración |
|----|------------------------|----------|
| 3  | Mitoloxía grecorromana | 10       |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| <b>Criterios de avaliación</b>                                                                                                                                    | <b>Mínimos de consecución</b>                                                                                                                  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|----------|
| CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.                                                                                       | Identificar grazas aos atributos das divindades o nome das principais deusas e deuses, a súa área de influencia e relacións entre eles e elas. | PE        | 20       |
| CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións. | Recoñecer, cando menos, máis da metade dos mitos e heroes propostos, atopando semellanzas con outras mitoloxías.                               | TI        | 80       |
| CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.                                                                            | O alumnado deberá atopar algunha semellanza e conexión entre a relixión grega e as actuais.                                                    |           |          |
| CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.                                     | Describir e distinguir os indicadores que diferenzan o culto público do privado.                                                               |           |          |
| CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.                                                               | Atopar elementos da mitoloxía clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.                           |           |          |
| CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.                                                            | Atopar elementos da mitoloxía clásica nas manifestacións artísticas actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.            |           |          |
| CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.                           | Atopar elementos da presenza clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.                                       |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano.</li> <li>- Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade.</li> <li>- Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos.</li> <li>- Relixión romana: culto público e privado.</li> <li>- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.</li> <li>- Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4         | Arte grecorromana   | 10              |

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|



| <b>Criterios de avaliación</b>                                                                                                                         | <b>Mínimos de consecución</b>                                                                                                                                | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|----------|
| CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.           | Distinguir algunhas características da arte clásica e relacionalas con obras artísticas actuais.                                                             | PE        | 40       |
| CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.                       | Identificar en edificios singulares características da arquitectura grecorromana.                                                                            |           |          |
| CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.                                                 | Atopar elementos da mitoloxía clásica nas manifestacións artísticas actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.                          |           |          |
| CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas. | Recoñecer e identificar características da escultura grecorromana en obras representativas.                                                                  | TI        | 60       |
| CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.          | Recoñecer e identificar características do urbanismo romano especialmente na actualidade.                                                                    |           |          |
| CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.                                                             | Localizar algunha das construcións clásicas que se conservan en España e no resto de Europa.                                                                 |           |          |
| CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.                                                    | Atopar elementos da presenza clásica nas manifestacións artísticas actuais e na sociedade e política a través de investigacións en internet e na biblioteca. |           |          |
| CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.                | Atopar elementos da civilización clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.                                                 |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Fundamentos e etapas da arte clásica.</li> <li>- Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.</li> <li>- Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.</li> <li>- Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.</li> <li>- Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto.</li> <li>- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.</li> <li>- Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 5         | Política            | 7               |

| <b>Criterios de avaliación</b>                                                                                                                                                                       | <b>Mínimos de consecución</b>                                                                                                                  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|----------|
| CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais. | Identificar características da organización política grecorromana e establecer a súas semellanzas e diferenzas cos sistemas políticos actuais. | PE        | 50       |
| CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.                                                                                                  | Atopar elementos dos sistemas políticos clásicos na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.                | TI        | 50       |
| CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.                                                              | Atopar elementos da presenza clásica nos sistemas políticos actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.                    |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións.</li> <li>- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 6         | Sociedade           | 8               |

| <b>Criterios de avaliación</b>                                                                                                          | <b>Mínimos de consecución</b>                                                                                                | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|----------|
| CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.                                                | Distinguir e clasificar características das clases sociais en textos propostos.                                              | PE        | 60       |
| CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.                                                      | Coñecer os membros da familia e describir o papel que desempeñan.                                                            |           |          |
| CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.                                                             | O alumnado deberá demostrar que coñece algúns dos trazos máis salientables da vida cotiá grecorromana.                       |           |          |
| CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.                                     | Atopar elementos da sociedade clásica nas artes e sociedades actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca. | TI        | 40       |
| CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación. | Atopar elementos da civilización clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.      |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>                                                                                                                                                                                    |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude.</li> <li>- A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.</li> <li>- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>   | <b>Duración</b> |
|-----------|-----------------------|-----------------|
| 7         | Espectáculos públicos | 8               |

| <b>Criterios de avaliación</b>                                                                                                          | <b>Mínimos de consecución</b>                                                                                                         | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|----------|
| CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.                                             | Identificar e comparar algunha das formas de lecer da antigüidade clásica co mundo actual.                                            | TI        | 100      |
| CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.             | Identificar e comparar algunha das manifestacións deportivas da antigüidade clásica co mundo actual.                                  |           |          |
| CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación. | Atopar elementos do lecer e o deporte do mundo clásico na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>                                                                                                                                                                      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>   | <b>Duración</b> |
|-----------|-----------------------|-----------------|
| 8         | Familias lingüísticas | 8               |

| <b>Criterios de avaliación</b>                                                                                                                                                                                   | <b>Mínimos de consecución</b>                                                                                       | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|----------|
| CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas. | O alumnado deberá identificar, distinguir, recoñecer e relacionar algunhas das linguas europeas e as súas familias. | PE        | 100      |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b> |
|-----------------|
|                 |

| <b>Contidos</b>                                                                                 |  |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------|--|
| - As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.<br>- As linguas romances. |  |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 9         | Escritura           | 8               |

| <b>Criterios de avaliación</b>                                                                                                                                                                                                                       | <b>Mínimos de consecución</b>                                                                                                 | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|----------|
| CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais. | O alumnado deberá distinguir, comprender e recoñecer os sistemas de escritura propostos e os seus elementos gregos e latinos. | TI        | 100      |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>                                                                                                                    |  |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|
| - Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes.<br>- Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino. |  |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>     | <b>Duración</b> |
|-----------|-------------------------|-----------------|
| 10        | Helenismos e latinismos | 8               |

| <b>Criterios de avaliación</b>                                                                                                                                                               | <b>Mínimos de consecución</b>                                                                                                          | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|----------|
| CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos. | O alumnado deberá distinguir e identificar termos cultos e patrimoniais e os fenómenos fonéticos da súa evolución.                     | PE        | 80       |
| CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.                              | O alumnado deberá utilizar con propiedade a terminoloxía proposta en textos escritos.                                                  |           |          |
| CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.                                                      | Atopar elementos da presenza de latinismos e helenismos na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca. | TI        | 20       |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>                                                                                                                    |  |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|
| - Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes.<br>- Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino. |  |

### Contidos

- Composición e derivación culta de orixe grega e latina.
- Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.
- Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica.
- Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 11 | Literatura   | 8        |

| Craterios de avaliación                                                                                                                                                                                                                  | Mínimos de consecución                                                                                                            | IA | %  |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|----|
| CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental. | O alumnado deberá identificar e relacionar as características dos xéneros literarios grecolatinos en textos propostos.            | PE | 75 |
| CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.                                                                                                  | Atopar elementos da presenza da literatura clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca. | TI | 25 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

| UD | Título da UD                 | Duración |
|----|------------------------------|----------|
| 12 | Fraseoloxía en grego e latín | 10       |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| <b>Criterios de avaliación</b>                                                                  | <b>Mínimos de consecución</b>                                                        | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|-----------|----------|
| CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula. | O alumnado deberá usar correctamente as fórmulas de saúdo e o léxico básico da aula. | TI        | 100      |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>                                                                                     |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|
| - Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar. |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Os principios metodolóxicos nos que se basea o desenvolvemento da programación serán:

- Fomento de lecturas de textos clásicos ou referidos ao mundo grecorromano (fragmentos de obras orixinais, adaptacións, textos historiográficos, etc.) para traballar transversalmente a comprensión lectora e que ilustren os temas que se tratarán.
- Incentivación da participación na aula do alumnado a través da expresión de ideas e reflexións, facendo especial fincapé no desenvolvemento da capacidade comunicativa en público.
- Uso das tecnoloxías informáticas para a busca de información como ferramenta de traballo, consulta e exercicio interactivo, propiciando con iso o afondamento nas técnicas de investigación, procura, selección e presentación da información tanto de forma oral como escrita ou visual.
- Recursos como a cartografía e a elaboración de eixes cronolóxicos tanto en formato papel como mediante recursos en liña, aplicacións que permiten percorridos virtuais polas localizacións máis destacadas do mundo grecorromano e visualizar vídeos sobre os contidos referidos especialmente ao primeiro bloque, así como dos lugares de culto marcados por unha contorna xeográfica moi particular e grazas a iso poderá conectarse a xeografía coa arqueoloxía, a relixión ou a mitoloxía, especialmente no caso do mundo grego.
- Técnicas de aprendizaxe cooperativa, nas que o alumnado terá a oportunidade de interactuar nun contexto académico. Este método permitiranos amosarlles que os grupos de traballo acadan os seus obxectivos e resultados se todos os seus membros se esforzan ao máximo e son responsábeis da tarefa que se lles encomenda.
- Traballo interdisciplinar: a través dos contidos de lingua e cultura estableceremos relacións con outras materias do currículo, especialmente coas do eido humanístico: Latín, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Filosofía, Historia da Arte, Historia, Xeografía, Antropoloxía, etc. O tratamento do léxico e dalgúns temas de legado permitiranos achegarnos a materias do eido científico como Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas, Tecnoloxía, etc.
- Outras metodoloxías como o traballo por proxectos significativos para o alumnado, a clase invertida (flipped classroom), a aprendizaxe colaborativa, a ludificación, etc. que permitan maximizar o tempo útil de traballo práctico na aula, optimicen resultados e fagan o proceso de ensinanza máis inclusivo e variado.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| <b>Denominación</b>                                                                       |
|-------------------------------------------------------------------------------------------|
| Materiais de elaboración propia que estarán dispoñibles na aula virtual do instituto.     |
| Enderezo electrónico, acceso a internet e acceso á plataforma EVA de E-Dixgal.            |
| Caderno de escritura tamaño DIN A4.                                                       |
| Arquivador para fotocopias, mapas ou calquera outro material en papel empregado na clase. |

Utilizaremos preferentemente os materiais elaborados pola profesora, así como algún material da Editorial Edebé aloxados na plataforma EVA de E-Dixgal e outros recursos tanto en rede como noutros formatos. Na clase dispoñemos dun canón de proxección para visualizar materiais diversos de forma conxunta.

O alumnado disporá de ordenador portátil individual para consultar información, que deberá procesar a tratar adecuadamente, e para elaborar tarefas, empregando para iso distintas aplicacións.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é necesaria para pescudar cales son os coñecementos previos do alumnado en relación cos contidos e as técnicas que se van desenvolver, así como para detectar as posibles necesidades específicas de apoio educativo do alumnado.

Farase ao comezo dunha nova secuencia de aprendizaxe, desde logo ao comezo do curso, e cada vez que comecemos a traballar un bloque de contidos novo ou a aplicar unha nova técnica de traballo, o cal non significa que sexa necesaria ao comezo de cada unidade didáctica. Os métodos para levala a cabo serán: a documentación existente no centro, informes de profesorado, os resultados de avaliacións anteriores se é o caso, e actividades como remuíños de ideas ou resposta a cuestionarios propostos sobre temas concretos.

As conclusións extraídas da avaliación inicial de comezo de curso, poñeranse en común coa totalidade da xunta avaliadora, baixo a supervisión do Departamento do Orientación, nunha sesión que terá lugar nos primeiros días do curso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1     | UD 2     | UD 3      | UD 4      | UD 5     | UD 6     | UD 7     | UD 8     | UD 9     | UD 10    |
|-----------------------------|----------|----------|-----------|-----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>9</b> | <b>9</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>8</b> | <b>8</b> | <b>8</b> | <b>8</b> | <b>8</b> | <b>8</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 20       | 80       | 20        | 40        | 50       | 60       | 0        | 100      | 0        | 80       |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 80       | 20       | 80        | 60        | 50       | 40       | 100      | 0        | 100      | 20       |

| Unidade didáctica           | UD 11    | UD 12    | Total      |
|-----------------------------|----------|----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>8</b> | <b>6</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 75       | 0        | <b>44</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 25       | 100      | <b>56</b>  |

### Criterios de cualificación:

#### INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Ao longo do trimestre utilizaranse diferentes instrumentos de avaliación, en función dos contidos traballados e das estratexias necesarias para acadar os obxectivos previstos. Estes instrumentos poderán ser:

- Probas obxectivas, non sempre entendidas como o tradicional exame, senón que poden consistir en cuestionarios realizados a través da aula virtual, resposta a preguntas concretas realizadas por escrito, probas tipo test, etc.
- Resumos, cuestionarios e outras actividades a realizar a partir de textos entregados ao alumnado con ese obxecto. Os textos estarán relacionados con aspectos relativos á materia que se imparta neses momentos e poden ser de diferente natureza. Entregaranse ao comezo da sesión e recolleranse en calquera momento que se considere

oportuno en función da súa lonxitude e/ou complexidade.

- Elaboración actividades de léxico de orixe grecolatina, de evolución ao galego e ao e de locucións latinas de uso actual. Á hora de avaliar a realización deste traballo, terase en conta o rigor empregado na súa elaboración, a calidade da redacción dos seus contidos, a puntualidade na entrega e incluso a presentación final.

- Lecturas de obras completas ou fragmentos destas de temática relacionada coa civilización grecolatina suxeridas pola profesora ao longo do curso.

- Traballos sinxelos de investigación, para a realización dos cales en ningún caso se esixirá ao alumnado que empregue recursos que estean fóra do alcance das súas posibilidades, pero nos que deberá constar de xeito rigoroso a indicación de instrumentos, procedementos e fontes empregados na elaboración dos mesmos.

- Exposicións orais e presentacións dos traballos de elaboración propia.

- Diálogos sinxelos en latín, empregando fraseoloxía do contexto do alumnado.

- Todos aqueles aspectos referidos a conceptos, procedementos e/ou actitudes que resulten significativos a hora de valorar a vontade de aprendizaxe do alumnado, así como o respecto pola aprendizaxe dos demais membros do grupo clase. Neste último caso inclúense tamén as aportacións que o alumno ou alumna realice á aprendizaxe común.

Para avaliar os traballos e tarefas que non sexan probas obxectivas, empregaremos táboas de indicadores, como rúbricas, listas de cotexo, observación directa

En cada unha das avaliacións manexaremos, como mínimo catro cualificacións parciais, que poden ser obtidas a través de calquera dos instrumentos mencionados con anterioridade, en función dos contidos traballados. En calquera caso, para calcular a nota do trimestre teremos en conta o peso na cualificación adxudicado a cada un dos criterios de cualificación, tal e como reflectimos no seguinte punto.

#### CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

A cualificación final de cada avaliación será froito das notas parciais (mínimo catro) obtidas ao longo do trimestre, seguindo os seguintes criterios porcentuais repartidos entre as UD que se traballan en cada unha das avaliacións:

1.<sup>a</sup> avaliación:  $[(UD1 \times 9) + (UD2 \times 9) + (UD3 \times 3) + (UD4 \times 3) + (UD5 \times 8) + (UD12 \times 2)] / 34$

2.<sup>a</sup> avaliación:  $[(UD3 \times 3) + (UD4 \times 4) + (UD6 \times 8) + (UD8 \times 8) + (UD9 \times 8) + (UD12 \times 2)] / 33$

3.<sup>a</sup> avaliación:  $[(UD3 \times 4) + (UD4 \times 3) + (UD7 \times 8) + (UD10 \times 8) + (UD11 \times 8) + (UD12 \times 2)] / 33$

O multiplicador de cada UD é o peso da mesma en cadanseu trimestre. Así, p. ex., a UD3, que ten un peso total de 10 sobre 100 no curso, está repartido en 3, 3 e 4 nas tres avaliacións. Asemade, o resultado obtido para cada trimestre deberá ser dividido entre 34 para a primeira avaliación, 33 para a 2.<sup>a</sup> e tamén 33 para a 3.<sup>a</sup> avaliación que son as porcentaxes achegadas respectivamente para obter unha nota en base 10.

Á hora de precisar a cualificación final do trimestre, ante a imposibilidade de poñer decimais, atenderase ao seguinte criterio: as cualificacións con ata catro décimas, redondearanse á baixa (unha media de 5,4, na cualificación trimestral será un 5); a partir de seis décimas, redondearanse á alta (unha media de 5,6, na cualificación trimestral será un 6) e no caso de que o número decimal sexa o 5, ao ser equidistante, atenderase as cualificacións globais do alumnado, á regularidade na entrega de tarefas, e á súa traxectoria global de cara á materia para optar por unha ou outra cualificación.

#### CUALIFICACIÓN FINAL

Será o resultado da media aritmética das tres avaliacións segundo a seguinte fórmula:  $(1.^{\text{a}} \text{ aval.} \times 0,34) + (2.^{\text{a}} \text{ aval.} \times 0,33) + (3.^{\text{a}} \text{ aval.} \times 0,33)$

1.<sup>a</sup> avaliación: 34 %

2.<sup>a</sup> avaliación: 33 %

3.<sup>a</sup> avaliación: 33%

#### Crterios de recuperación:

No caso de non obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, unha vez calculadas as porcentaxes correspondentes a cada parte, o alumnado deberá realizar una recuperación que terá lugar ao comezo do seguinte trimestre, no caso da 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> avaliacións, e a final de curso, no caso da 3.<sup>a</sup>.



### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O principal obxectivo deste procedemento é a recuperación das aprendizaxes non adquiridas e irá dirixido ao alumnado que promocióne sen superar a materia, seguindo o artigo 51 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan de reforzo para ese alumnado.

A comezo do curso 2023-2024 ningún alumno ou alumna de 4º de ESO ten a materia de Cultura clásica pendente. No caso de que ao longo do curso se incorporase alumnado nesta situación, deseñaranse programas de reforzo individualizados para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, proporcionándolle cadernos de exercicios, libros de lectura obrigatoria con cuestionarios de seguimento e probas escritas de diversa natureza en función dos contidos traballados.

Tendo en conta que a Cultura clásica só se pode cursar en 3º de ESO, a profesora responsable de facer o seguimento deste programa de reforzo será a profesora de Latín de 4º de ESO, se o alumno ou alumna en cuestión está matriculado desa materia, ou ben a xefa de departamento no caso contrario. No noso instituto, o Departamento de Latín é unipersoal, polo que a mesma profesora imparte todas as materias deste e asume a xefatura de departamento, o que facilita as cousas nunha situación coma esta.

A cualificación final será produto da media aritmética de todas as cualificacións obtidas nas probas propostas durante o curso.

### 6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, seguindo o artigo 52 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan específico personalizado para este alumnado.

Sendo a Cultura Clásica unha materia optativa, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe.

Esta programación está prevista para un grupo 5 alumnas/os, con diferentes ritmos de aprendizaxe, intereses, motivacións e aptitudes, como é normal en calquera grupo social. Trataremos de atender esa diversidade xeral, individualizando dentro do posible as actuacións que implican o proceso de ensino aprendizaxe e intentando que a aula sexa un espazo inclusivo no que teña cabida todo alumnado, independentemente das súas características persoais.

Ademais, teremos en conta que neste pequeno grupo contamos con tres alumnos/as que presentan necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE):

- Unha alumna que ten unha discapacidade recoñecida que incide no seu rendemento académico, sendo o TDA unha das súas consecuencias directas. Esta alumna, que ademais repite 3º de ESO, no curso anterior acadou os obxectivos da materia de Cultura clásica, aínda que con bastantes dificultades e cun aproveitamento limitado.

- Un alumno procedente de Ucraína, chegado ao centro no curso 2021-22, e que ten bastantes dificultades coas linguas oficiais de Galicia, especialmente coa lingua galega, e pouca motivación para afrontar os estudos no noso país.

- Un alumno diagnosticado de altas capacidades.

Para a correcta atención destas necesidades, seguiremos os protocolos facilitados polo Departamento de orientación, onde se especifican as distintas medidas a tomar en cada un dos casos. Estas medidas abranguen distintos aspectos, segundo o caso:

- Ubicación na aula, para favorecer unha menor distracción ou maior atención na clase.
- Pautas para realizar o traballo na aula.
- Características das probas e tarefas.
- Estratexias positivas, para facilitar unha mellor asimilación das tarefas.
- Pautas para o traballo a realizar fóra da aula.
- Pautas para fomentar unha boa convivencia e para establecer un correcto control de conduta.
- Diversificación dos procedementos de avaliación, adaptándoos a cada un destes casos, segundo as características e necesidades individuais.

- Actividades de ampliación. Procurarase que sexan actividades motivadoras, e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

Todas estas medidas, presentadas aquí de forma conxunta, serán aplicadas de xeito moito máis preciso e concreto, sempre co asesoramento da profesora titora do grupo e do Departamento de orientación, que supervisará os resultados ou carencias das decisións adoptadas, co fin de adaptalas en todo momento ás necesidades do alumnado. Así mesmo, manterase contacto coas familias do alumnado en xeral e de xeito especial coas do alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo, na procura dunha coordinación necesaria para o bo resultado das medidas adoptadas.

No caso de detectar ao longo do curso a existencia no grupo dalgún outro alumno ou alumna con necesidades específicas de apoio educativo, tomaranse as medidas oportunas seguindo o mesmo procedemento que co alumnado mencionado, no que se refire a asunción de protocolos establecidos e/ou asesoramento do Departamento de orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|                                                         | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---------------------------------------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - A comprensión lectora.                           | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - A expresión oral e escrita.                      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - A comunicación audiovisual.                      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |      |
| ET.4 - A competencia dixital.                           | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Competencia en conciencia e expresións culturais | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - O emprendemento social e empresarial.            |      |      |      |      |      | X    |      |      |
| ET.7 - O fomento do espírito crítico e científico.      | X    | X    |      |      | X    | X    |      | X    |
| ET.8 - A educación emocional e en valores.              |      |      |      |      |      | X    |      | X    |
| ET.9 - A igualdade de xénero.                           |      |      | X    |      | X    | X    | X    |      |
| ET.10 - A creatividade.                                 |      |      | X    | X    |      |      |      |      |
| ET.11 - A educación para a paz.                         |      | X    |      |      | X    |      |      |      |

|                                    | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|------------------------------------|------|-------|-------|-------|
| ET.1 - A comprensión lectora.      | X    | X     | X     | X     |
| ET.2 - A expresión oral e escrita. | X    | X     | X     | X     |
| ET.3 - A comunicación audiovisual. |      |       |       |       |
| ET.4 - A competencia dixital.      | X    |       | X     |       |

|                                                         | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---------------------------------------------------------|------|-------|-------|-------|
| ET.5 - Competencia en conciencia e expresións culturais | X    | X     | X     | X     |
| ET.6 - O emprendemento social e empresarial.            |      |       |       |       |
| ET.7 - O fomento do espírito crítico e científico.      |      |       | X     |       |
| ET.8 - A educación emocional e en valores.              |      |       |       | X     |
| ET.9 - A igualdade de xénero.                           |      |       | X     | X     |
| ET.10 - A creatividade.                                 | X    |       | X     |       |
| ET.11 - A educación para a paz.                         |      |       |       |       |

#### Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, a xustiza, a igualdade, ao pluralismo político, a paz e a democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

Procurarase educar, tal e como aconsella o currículo, a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                                     | Descrición                                                                                                                                                                                                                                        | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|----------|----------|
| Visita ao Campamento romano Aquis Querquennis. | Visita ao xacemento arqueolóxico do Campamento romano Aquis Querquennis, situado en Porto Quintela (Bande). A saída didáctica farase conxuntamente co Departamento de Lingua galega e comprenderá tamén un roteiro literario na vila de Celanova. | X        |          |          |
| Participación no concurso en liña "Odisea".    | Concurso sobre coñecementos do mundo clásico organizado pola Sociedade Española de Estudos Clásicos en torno ao mes de febreiro.                                                                                                                  |          | X        |          |

| Actividade                      | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|----------|----------|
| Festival de teatro grecolatino. | Asistencia á representación dunha obra teatral no marco do Festival de Teatro Grecolatino organizado pola Delegación galega da SEEC cada ano. No momento de elaborar esta programación aínda non dispoñemos do programa do festival, polo que concretaremos a obra e a cidade elixida tan pronto como sexa posible |          |          | X        |

**Observacións:**

Algunha outra actividade como asistencia a exposicións, charlas ou acontecementos que poidan xurdir durante o curso.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

| Indicadores de logro                                                                                          |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico                |
| 1 Planificación adecuada: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.                |
| 3 Obxectivos alcanzados e selección de contidos.                                                              |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos                                                    |
| 4 Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.                                                      |
| Medidas de atención á diversidade                                                                             |
| 5 Resultado das medidas de atención á diversidade.                                                            |
| Clima de traballo na aula                                                                                     |
| 2 Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais. |
| Outros                                                                                                        |
| 6 Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.                                        |

**Descrición:**

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica e unha enquisa con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos.

Para o indicador 2 usaremos cuestionarios ao alumnado que pasaremos ao final de cada trimestre para ver a evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final

de curso.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarase nas reunións que o Departamento celebra, como mínimo cada mes, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións, así como en calquera momento no que se considere oportuno. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na última reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

## **9. Outros apartados**